Informe de revisión do sistema pola dirección.
(Informe de resultados anual do centro)

Data da reunión da Comisión para a elaboración do informe: 02/12/2015
Data da reunión da Comisión de Calidade: 14/12/2015
Data da reunión da Xunta de Centro: 14/12/2015

Índice de contidos

1. Introdución 2

2. Seguimento da(s) revisión(s) anterior(es) 4

3. Política e obxectivos de calidade 4

4. Indicadores de resultados dos procesos e dos programas de calidade 9

5. Resultados de avaliacións e auditorías internas e externas 11

6. Retroalimentación dos grupos de interese 11

I. ANTECEDENTES

1. Introdución

Presentación (recordatorio do obxecto da reunión)

Tal e como indica o procedementos "DE-03 Revisión do sistema pola Dirección" e co obxectivo dunha mellora continua e a verificación da adecuación e eficacia do sistema de garantía interna de calidade dos centros e titulacións, e do sistema de xestión da calidade no ámbito da xestión, convocase esta reunión cos responsables do proceso. Nesta reunión realizase a análise dos indicadores asociados a este proceso, identificados e definidos no procedemento "DE-02 P1 «Seguimento e medición»". Realízanse ademais propostas de mellora en base á identificación de problemas derivados dos propios indicadores.

Tal e como indica o propio procedemento, na seguinte reunión deberán participar os implicados no proceso: Decana e resto dos membros do equipo decanal, coordinador de calidade, membro da comisión de calidade, representantes das titulacións do centro (coordinador de Grao en Belas Artes, Coordinador do Master en Libro Ilustrado e Animación Audiovisual, Coordinadora do Master en Arte Contemporánea; Creación e Investigación)

→ *A listaxe de participantes da reunión (nome, cargo) xúntase como anexo a este documento. (Anexo I)*

- *Información sobre o estado da situación xeral do sistema de garantía / xestión de calidade*

Situación actual do SGIC

No ano 2014 a Área de Apoio á Docencia e Calidade completa a evolución do novo Manual de Calidade para os centros da universidade, cunha nova codificación, unha nova trama de redacción e estructura e unha simplificación dos contidos. En maio de 2015 aprobase o novo Manual de Calidade para a Facultade de Belas Artes, xunto coas nova política e obxectivos de calidade do centro. Así mesmo apróbanse novos Procedementos Estratéxicos "DE Dirección Estratéxica" e "MC Xestión da Calidade e Mellora Continua", actualizando os procedementos en vigor no centro.

- *Cambios organizativos que poden afectar o funcionamento en materia de calidade*
  - *No centro / ámbito de xestión (órganos de goberno, comisións, unidades …)*

En marzo de 2015 renovouse o equipo decanal froito da celebración de novas eleccións a decanato. A decana Silvia García González sustitúe ao anterior decano Juan Carlos Meana Martínez, pasando a presidir a Comisión de Calidade do Centro. Así mesmo, no ámbito da responsabilidade en calidade o profesor Marcos Dopico Castro sustitúe a Fernando Suárez Cabeza como Vicedecano de Calidade do centro. Incorporase ademáis á comisión o novo coordinador do Grao en Belas Artes Carlos Tejo Veloso, tamén Vicedecano de Relacións Internacionais.

No curso 2014/2015 realizouse unha renovación da Comisión de Calidade seguindo as indicacións da nova composición do novo Manual de Calidade implantado este mesmo curso. Pode consultarse a composición da Comisión de Calidade na web do centro http://www.belasartes.uvigo.es/bbaa/index.php?id=359

- *Na súa oferta formativa (titulacións) ou de servizos*
  Non se produciron cambios na oferta formativa do centro durante o curso 14/15. Salientar que no caso do Master en Libro Ilustrado e Animación Audiovisual presentouse una modificación sustancial tal e como queda reflexado nos plans de mellora. Actualmente atopase en proceso de aprobación.

Todas as accións de mellora que se acorden nas epígrafes seguintes deben recollerse e despregarse no plan (anual) de mellora do centro / ámbito.

- *Estado da documentación de calidade*
  - *Manual de calidade e procedementos: cambios desde a última revisión*
    → Xúntase o anexo 1 do Manual de calidade «Listaxe de procedementos en vigor». Anexo II

    Valoracións:
    → Non se propoñen melloras no manual ou nos procedementos de calidade

  - *Rexistros de calidade: situación xeral*

Tal e como aparece reflexado no Plan de melloras adxunto (Ficha nº 12) Realizouse unha revisión dos rexistros do SGIC asociados aos títulos. Elaborouse por parte da Área de Calidade un informe coas deficiencias detectadas remitidas á Comisión de Garantía de Calidade (CGC). Estase procedendo a subsanar no curso 15/16 as deficiencias incorporando unha diámica de xestión de rexistros seguindo a axenda establecida dende a Área de Apoio á Docencia e Calidade.

Valoracións:
→ Non se propoñen melloras ao funcionamento do procedemento XD-02 P1 «Control dos rexistros» (en relación coa metodoloxía, responsabilidades, arquivo…)

II. DATOS E REVISIÓN DOS RESULTADOS

2. Seguimento da(s) revisión(s) anterior(es)

- *Estado das accións do plan de mellora do centro / ámbito*

  → *Xúntese o plan de mellora do centro actualizado da revisión anterior (ou das anteriores, se as accións non están pechadas). Anexo III*

3. Política e obxectivos de calidade

A política e os obxectivos de calidade defínense segundo o establecido no procedemento DE-01 P1 «Planificación estratéxica».

- *Política de calidade*

  → *Xúntase a política de calidade en vigor. Anexo IV*

Valoracións:

Despois da análise da política de calidade do centro en vigor e os resultados da evolución dos indicadores dos obxectivos de calidade, ésta considerase plenamente vixente e axeitada. Sen embargo, é importante salientar que ainda non se cumpriu un ano académico de vixencia da política de calidade, polo tanto as valoracións realizadas ata o de agora quedan emprazadas para unha nova revisión que inclúa un periodo máis longo de tempo para a súa total implantación e para obter uns resultados máis fiables.

- *Obxectivos de calidade*

  → *Xúntanse os obxectivos de calidade en vigor (Anexo V), así como os resultados do seu seguimento (Anexo VI)*

Valoracións:

Nunha primeira valoración global dos Obxectivos de Calidade podemos afirmar que a evolución histórica, tendo en conta os dous cursos anteriores e os resultados do curso 14/15, reflicte unha evolución positiva dos seus indicadores cumprindo en case todos eles as metas planificadas para o curso actual nas tres titulacións do centro.

A continuación detállanse os indicadores en relación aos obxectivos propostos para o curso 14/15:

- Evolución do estudantado matriculado en cada curso académico. No Grao en Belas Artes superouse a cifra de 130 alumnos de prazas ofertadas chegando ata 131, superando os obxectivos propostos de cobertura do máximo de prazas ofertadas. No

Master en Arte Contemporánea, Creación e Investigación produciuse un incremento importante de matriculación ata os 30 alumnos/as, superando o mínimo establecido como obxectivos de 20 alumnos. No Master en Libro Ilustrado e Animación Audiovisual producese un importante descenso da matrícula ata os 16 alumnos/as, por debaixo do obxectivo mínimo de 20.

- Ocupación da titulación. No Grao en Belas Artes superase o obxectivo de ocupación fixado para o curso 14/15 en >100% lixeiramente ata o 100,77%. No que respecta aos masters non se dispoñen de datos históricos, alcanzando este curso o 96,77% no Master de Arte Contemporánea (25 prazas ofertadas) e 47,06% no Master de Animación (35 prazas ofertadas).
- Preferencia. No Grao en Belas Artes superase o obxectivo do >90% con un 156,15%. No caso dos masters non existen datos históricos.
- Adecuación. No Grao en Belas Artes superase o obxectivo do >90% con un 94,66%. No caso dos masters non se dispoñen de datos históricos, alcanzando este curso 96,67% o Master de Arte Contemporánea e o 87,50% o Master de Libro Ilustrado, datos de porcentaxe elevados e cercanos aos datos obtidos no grao.
- Nota media de accesso do estudantado ás titulacións. No Grao en Belas Artes supérase o obxectivo marcado nun 7 chegando ata o 7,76. No caso do Master de Arte Contemporánea superase lixeiramente o 6,50 de obxectivo con un 6,78. No caso do Master en Libro Ilustrado non se supera o objectivo do 6,50 e descende ata o 6,38 ainda que non se considera unha diferencia significativa.
- Grao de satisfacción do profesorado coa planificación e desenvolvemento da ensinanza. No Grao en Belas Artes non se cumpre o obxectivo do 3,5 e descende ata o 3,17 ainda que non se considera unha diferencia significativa. No caso do Master en Arte Contemporánea e no Master en Libro Ilustrado superanse os obxectivos de 3,2 con un 3,43 e un 4,18 respectivamente, destacando a puntuación obtida en éste último.
- Grao de satisfacción do alumnado coa planificación e desenvolvemento da ensinanza. No Grao en Belas Artes superase lixeiramente o obxectivo de 2,5 ata o 2,73. No Master en Arte Contemporánea superase tamén o obxectivo de 2,5 ata o 2,76. No caso do Master en Libro Ilustrado non se supera o obxectivo marcado de 3,2 e descende ata o 2,71. Isto supón unha importante baixada da puntuación en relación aos datos históricos deste indicador na titulación, ainda que compre revisar en vindeiros cursos o obxectivo demasiado elevado e equiparala ao do resto das titulacións do centro.
- Duración media dos estudos. Non existen datos históricos deste indicador. No grao en Belas Artes serían de 4,46, no Master en Arte Contemporánea de 1,19 e no Master en Libro Ilustrado de 2,1. Todos estos datos son coherentes co desenvolvemento dos títulos e os parámetros entran dentro da normalidade dentro dos obxectivos de calidade que se definirán en vindeiros cursos.
- Tasa de rendemento. Superanse os obxectivos nas tres titulacións. No grao en Belas Artes acadase un 84,56% sobre o >80%. No Master en Arte Contemporánea un 94,63% sobre o >90% e no Master en Libro Ilustrado o 92,22% sobre o 90%.

- Tasa de abandono. Non se dispoñen datos do curso 14/15.
- Tasa de eficiencia. Superanse os obxectivos marcados nas tres titulacións. Nas tres marcaronse un obxectivo do >90%. No Grao en Belas Artes 92,25%, no Master en Arte Contemporánea do 99,60% e no Master en Libro Ilustrado do 98,77%. Son de salientar os valores acadados nos masters. En función da evolución histórica nos seguintes cursos plantexase unha valoración dun posible incremento dos obxectivos deste indicador.
- Tasa de graduación. Tal e como se indica nos obxectivos de calidade do centro na memoria de verificación do Grao en Belas Artes proponse un obxectivo do >70% da tasa de graduación. A recente implantación do Grao en Belas Artes e a presenza de alumnos/as matriculados que proveñen da antigua Licenciatura en Belas Artes non ofrece ainda datos estables. Establecese un obxectivo provisional do >60% e unha progresiva subida nos vindeiros cursos ata confluir co obxectivo indicado na memoria de verificación do >70%. No curso 14/15 superase lixeiramente o obxectivo provisional acadando un 60,65%, sen embargo supón un lixeiro descenso con respecto aos valores acadados no curso pasado dentro da serie histórica. Isto require unha observación detallada dos resultados nos vindeiros cursos que podan levar a unha modificación dos obxectivos da memoria de verificación para axeitalos a uns obxectivos máis realistas.
  No caso do Master en Arte Contemporánea e no Master en Libro Ilustrado acádanse os obxectivos do >75% dun xeito amplo con un 95,24% e un 91,30% respectivamente. Non se poden establecer comparacións entre os estudos de Grao e Master debido as diferencias na dimensión dos estudos en número de anos e alumnos/as matriculados, polo tanto os obxectivos deste indicador deben considerarse dun xeito diferenciado. En todo caso os obxectivos da tasa de graduación no caso dos masteres acadan uns resultados moi altos e poden considerarse en vindeiras revisións dos obxectivos de calidade un aumento dos mesmos en función da serie histórica futura.
- Tasa de éxito. Nas tres titulacións fixase un obxectivo do >90% que se cumpre ampliamente. No caso do Grao en Belas Artes alcanza un 95,36%, no Master en Arte Contemporánea o 98,91% e no caso do Master en Libro Ilustrado o 100%.
- Grao de satisfacción do profesorado. Establecese un obxectivo de 3,2 para as tres titulacións, superados nos tres casos. No Grao en Belas Artes alcanzase un 3,31, no Master en Arte un 3,54 e no Master en Libro Ilustrado un 4,22 destacando especialmente este último valor.
- Grao de satisfacción do alumnado. No Grao en Belas Artes establecese un obxectivo de 2,5 superandoo no 14/15 con un 2,65. No Master en Arte Contemporánea establecese un obxectivo do 2,5 superandoo con un 3,13. No Master en Libro Ilustrado non se acada o obxectivo do 3,2 descendendo ata o 2,85. Observando a serie histórica producese un importante descenso en este indicador, ainda que os obxectivos propostos son elevados con respecto a outras titulacións.

- *Plan de mellora en relación coa posta en práctica da política de calidade e coa consecución dos obxectivos de calidade*

  → *Xúntase o plan de mellora, actualizado (Anexo III)*

Valoracións:

A continuación realizaranse as valoracións en función dos resultados non acadados dos indicadores dos obxectivos de calidade, así como aqueles valores que precisen ser axustado na política e obxectivos de calidade do centro. Realizase tamén unha valoración das accións de mellora en relación aos obxectivos de calidade non cumpridos:

- Evolución do estudantado matriculado en cada curso académico. Detéctanse problemas no obxectivo mínimo de matrículas no curso 14/15 no Master en Libro Ilustrado e Animación Audiovisual. Tal e como queda reflexado no plan anual de melloras do centro, realizouse unha modificación sustancial da Memoria do Master coa finalidade de permitir un incremento do número de matrículas anuais. Esta mellora, entre outros aspectos inclúe a posibilidade da realización dos estudos a distancia, de xeito total ou parcial. Como resultado da análise do perfil do estudantado do master por parte da CAM, e sobre todo en función das consultas realizadas por alumnos/as interesados na realización do master, detectaronse problemas á hora do desprazamento dende outras rexións ou países para cursar o master. Do mesmo xeito, históricamente o master alberga unha boa porcentaxe de alumnos extranxeiros, especialmente de latinoamérica, polo que o feito de incluir a posibilidade da modalidade a distancia presumiblemente podería aumentar significativamente o número de matrículas. En este momento, a memoria do master atópase en proceso de aprobación.
- Nota media do acceso do estudantado ás titulacións. No caso do Master en Libro Ilustrado non cumpre o obxectivo da puntuación 6,50 e descende ata 6,38. Sen embargo, debido ao perfil heteroxéneo do perfil do alumnado, que accede dende diferentes estudos de grao ou licenciatura, e incluso dende países estranxeiros con estudios diversos, non se considera un obxectivo relevante para o desenvolvemento da titulación. Aínda así proponse unha observación da evolución deste indicador no próximo curso académico e, en función da evolución do perfil dos alumnos, propoñer unha reformulación dos obxectivos. As pequena variación que supón con respecto aos datos históricos non permiten con rotundidade unha proposta de novos obxectivos, polo que se empraza a vindeiras evolucións. Por outra banda, os cambios na memoria da titulación que previsiblemente será implantada en futuros cursos académicos suporán futuros cambios neste indicador que será preciso analizar nun futuro. Por estes motivos non se propoñen accións de mellora para o vindeiro curso.
- Grao de satisfacción do profesorado coa planificación e desenvolvemento da ensinanza. No Grao en Belas Artes establecese un obxectivo do 3,2 descendendo

moi lixeiramente ata o 3,17 no curso 14/15. Na análise das posibles causas deste descenso na satisfacción por parte do profesorado destaca como un dos problemas máis relevantes no curso 14/15 os derivados dos cambios na normativa de TFG, incluíndo unha rebaixa no límite de alumnos titorizados por cada titor en relación aos descontos na docencia. Isto supuxo un desaxuste na planificación inicial da materia unha vez iniciado o curso e problemas na oferta de titorizacións. Boa parte dos profesores que ían titorizar un determinado número de alumnos tiveron que axustar a súa planificación ben titorizando máis alumnos dos iniciais ou menos, unha vez iniciado xa o cuatrimestre 2º. Para o vindeiro curso 15/16 a Universidade de Vigo aprobou unha nova normativa de TFG e TFM, e o centro está en proceso de elaboración dunha normativa interna que veña a solucionar e optimizar todos os problemas que xorden no proceso de adxudicación de alumnos/titores e no desenvolvemento da materia.

- Grao de satisfacción do alumnado coa planificación e desenvolvemento da ensinanza. No caso do Master en Libro Ilustrado detectase un descenso da satisfacción do alumnado coa planificación e desenvolvemento da ensinanza ata o 2,71 sobre o obxectivo de 3,2. Tal e como se indican nos planes de mellora anuais proponse como acción de mellora para este indicador a implantación total do Plan de Acción Titorial como xeito máis eficaz na detección de problemas xurdidos do desenvolvemento e planificación das ensinanzas. Na análise das causas do descenso deste indicador apúntanse como posibles certos problemas e descordinacións que, se ben foron subsanados, se fixeron de xeito tardío. Por iso proponse unha mellora na eficacia das reunións do PAT para a detección precoz destes problemas.
- Tasa de graduación . No caso do Grao en Belas Artes, tal e como se salienta na valoración dos indicadores, existe unha importante diferencia entre os obxectivos definidos na memoria de verificación e os acadados. Isto require unha observación detallada dos resultados nos vindeiros cursos que podan levar a unha modificación dos obxectivos da memoria de verificación para axeitalos a uns obxectivos máis realistas. Ao non existir serie histórica suficiente para unha modificación dos obxectivos decidese agardar e observar con detalle a evolución deste indicador nos vindeiros cursos antes de propoñer calquera modificación. Calquera acción de mellora queda supeditada á evolución desde indicador polo menos no vindeiro curso académico.

** É importante salientar que produciuse un cambio no valor total das puntuacións dende o curso 14/15 nas enquisas de satisfacción simplificando as puntuacións, pasando a valorarse con un total de 0 a 5, mentres que nos cursos anteriores a valoración era de 0 a 7 e con diferentes valoracións. Este feito supón que non exista un histórico exacto de puntuacións similares, realizándose unha planificacións dos obxectivos de calidade para estes indicadores de puntuación tentando trasladar os valores históricos do xeito máis fiable posible. Este feito obriga a unha observación máis detallada dos vindeiros datos nos próximos cursos.

4. Indicadores de resultados dos procesos e dos programas de calidade

- *Resultados de aprendizaxe (académicos…)*

Tasa de éxito, rendimento e avaliación por materia.

No caso do Grao en Belas Artes: A tasa media de Rendemento situase no 84,66%. Destaca como valor baixo a materia de Producción Artística: Audiovisuais con unha tasa do 68,18%. Na tasa de Éxito cunha media de 95,29% destaca como valor baixo a materia de Escultura con un 77,69%. A tasa de Avaliación situase como media no 88,85% destaca como valor baixo a materia Imaxe en Movemento con un 78,23%. Proponse unha análise das causas de éstos valores e apúntase unha primeira especialmente na Tasa de Rendemento, ao tratarse de materias obrigatorias, algunhas de contidos moi técnicos, e cunha gran cantidade de créditos a cursar. Salientar tamén que estas tres materias manteñen un equilibrio de valores nas tres tasas. Non obstante, proponse realizar unha valoración das materias concretas.

Como valores elevados destacan as tasas de éxito do 100% en 16 materias. Ainda que a media global desa tasa situase no 95,25% parece un resultado que precisa ser analizado en relación coas tasas de rendimento e avaliación. Proponse realizar unha valoración das materias concretas.

No caso do Master en Arte Contemporánea: Creación e Investigación. As tasas de Rendemento, Éxito e Avaliación situanse en porcentaxes elevadas. Ao tratarse dunha titulación cun reducido número de alumnos e pola naturaleza específica dos mesmos considéranse valores normais. Na tasa de Rendimento descata como valor baixo o Traballo Fin de Master con un 80,65%, sen embargo presenta unha tasa de Éxito do 100%. A propia natureza e específica da materia explica estos valores.

No caso do Master en Libro Ilustrado e Animación Audiovisual. A tasa de Éxito situase no 100%. Ao tratarse dunha titulación cun reducido número de alumnos e pola naturaleza específica dos mesmos considéranse valores normais. Sen embargo na Tasa de Rendemento e Avaliación a materia Proxecto Animación Audiovisual Stop Motion presenta uns valores baixos de 66,67%. Proponse realizar unha valoración da materia concreta para localizar e resolver os posibles problemas xurdidos.

- *Resultados de satisfacción dos grupos de interese (enquisas…)*

  Analizanse a continuación aqueles resultados das enquisas de satisfacción que non foron analizados anteriormente nos obxectivos da política de calidade.

  Participación do alumnado nas enquisas de avaliación do profesorado. No caso do Grao en Belas Artes produciuse unha subida significativa na participación do alumnado segundo a serie histórica dos dous cursos anteriores acadando unha porcentaxe do 50,57% o que supón unha subida de case 10 puntos con respecto ao curso anterior. No caso do Master en Arte Contemporánea a subida é ainda maior chegando a un 31,66% con respecto ao 16,51% do curso pasado, ainda que a porcentaxe ainda segue a ser baixa. No Master en Libro Ilustrado

descende a participación con respecto ao ano anterior en torno aos 6 puntos chegando ao 46,72%, ainda que resulta unha porcentaxe elevada.

Grao de satisfacción do estudantado coa actividade coa actividade docente do profesorado.
No Grao en Belas Artes os resultados suben con respecto ao curso anterior ata un 3,69, ainda que a media da universidade situase nun 3,75.
No Master en Arte Contemporánea a puntuación sube notablemente ata un 4,10, por encima da puntuación de anos anteriores e por encima da media da universidade.
No Master en Libro Ilustrado a puntuación acada un 3,89, valores moi semellantes a anos pasados e por enriba da media da universidade.

Alumnado de intercambio: O centro mantén nos últimos cursos un elevado número de alumnos de intercambio, chegando este curso ata os 42 alumnos.

→ *Xúntense as táboas ou os gráficos de resultados, desagregados por sexos de ser posible.(Anexo VII)*

→ *Cando proceda, xúntense os resultados desagregados por materias (Anexo VII).*

Valoracións:

Dende unha valoración global podemos constatar que non se producen grandes asimetrías nas tasas de rendimento, éxito e avaliación das materias das titulacións do centro. Sen embargo compre o análise dos resultados naquelas materias que ofrecen unhas tasas máis dispares con respecto á tasa media das titulacións, tanto dos valores máximos como dos mínimos. Proponse como acción de mellora para o curso 15/16 a súa análise cos grupos de interese das tres titulacións. No caso do Grao en Belas Artes proponse unha reunión co coordinador de grao, coordinadores dos cursos implicados nas materias e a vicedecana de organización académica. No caso dos masteres a análise dos datos realizarase a través das Comisións Académicas correspondentes. Posteriormente tratarase nunha reunión da Comisión de Calidade os resultados das reunións, valorando os resultados co obxectivo de detectar posibles problemas derivados.

No grao de satisfacción do estudantado compre realizar un seguimento en vindeiros cursos da puntuación obtida no Grao en Belas Artes para achegarse a media da universidade.

O alumnado de intercambio mantense en tasas elevadas. A titulación é a 5º titulación da universidade en canto a número de alumnos.

5. Resultados de avaliacións e auditorías internas e externas

➢ *Resultados (de certificación, seguimento, acreditación…)*

→ *Xúntase os informes final da Acreditación 2015 (Anexo VIII).*

- *Seguimento dos plans de mellora*

→ Xúntanse os plans de mellora actualizados. (Anexo III)
Síntese do estado de avance das accións de mellora.
Síntese das accións de mellora avanzadas ou en proceso:

- Acción de mellora nº 12: Revisión dos rexistros do SGIC asociados aos títulos. Logo da elaboración do informe coas deficiencias detectadas remitidas é Comisión de Garantía de Calidade (CGC), estase a completar as deficiencias incorporando unha diámica de xestión de rexistros seguindo a axenda establecida dende a Área de Apoio á Docencia e Calidade.
- Acción de mellora nº 20: Creación e promoción da asociación de egresados de exalumnos/as licenciados ou graduados en Belas Artes, e exalumnos de Masteres e programas de doutoramento impartidos na facultade de Belas Artes. A acción está completada a través da creación da asociación e comenzan as primeiras actividades.
- Acción de mellora nº 41: Mellora na difusión de información sobre as actuais titulacións do centro, especialmente encamiñadas a futuros estudantes e estudantes extranxeiros. Estanse a elaborar os contidos e está en marca o deseño gráfico así como o deseño da aplicación a acción de mellora nº1.
- Acción de mellora nº 1: Creación dun apartado específico na web da titulación adicado a información básica para alumnos extranxeiros. Estanse a elaborar os contidos para a web e está en marca o deseño gráfico así como o deseño da aplicación a acción de mellora.

6. Retroalimentación dos grupos de interese

➢ *Queixas, suxestións e parabéns (QSP)*

→ *Xúntase a síntese anual dos resultados das QSP. Véxase Anexo IX*

Valoracións:

No ano 2015 foron recibidas un total de 6 QSP, das cais 2 foron parabéns, 4 queixas e 0 suxestións. Todas elas foron dirixidas ao ámbito de Docencia e foron respostadas nos prazos estipulados. 4 QSP foron enviadas por estudantes de Grao, 1 por estudantes de Master ou Doutoramento e 1 por Outro tipo de usuario externo. Do análise das queixas e parabéns recibidos poidemos extraer información relevante especialmente no relativo a problemas puntuais ocasionados na organización da docencia das titulacións. Así mesmo localizaronse problemas de máis calado que deron lugar a accións de melloras propostas, como no caso das queixas recibidas na docencia do Master de Libro Ilustrado. Salientar tamén que algunhas das queixas recibidas carecía dunha concreción dos feitos e dos protagonistas, algo que impedía

unha valoración real dos feitos e das problemáticas. Nelas solicitouse na resposta unha maior concreción dos feitos, pero non se recibiron por parte dos usuarios.

Nota: os resultados de satisfacción trátanse na epígrafe 4.

III. ACCIÓNS DE MELLORA DO SISTEMA DE GARANTÍA / XESTIÓN DE CALIDADE

Tras analizar os datos e os resultados recollidos nas epígrafes anteriores, a dirección acorda establecer as seguintes accións:

- *Ficha de mellora 42 e 43:* Análise dos resultados naquelas materias que ofrecen unhas tasas máis dispares con respecto á tasa media das titulacións, tanto dos valores máximos como dos mínimos. Proponse como acción de mellora para o curso 15/16 a súa análise cos grupos de interese das tres titulacións. No caso do Grao en Belas Artes proponse unha reunión co coordinador de grao, coordinadores dos cursos implicados nas materias e a vicedecana de organización académica. No caso dos masteres a análise dos datos realizarase a través das Comisións Académicas correspondentes. Posteriormente tratarase nunha reunión da Comisión de Calidade os resultados das reunións, valorando os resultados co obxectivo de detectar posibles problemas derivados.

- *Ficha de mellora 44:* Análise dos resultados dos obxectivos de calidade no Grao de satisfacción do profesorado coa planificación da ensinanza no Grao en Belas Artes. Non se alcanza o obxectivo definio de 3,2 (3,17), por iso proponse como acción de mellora reunións de coordinación cos grupos de interese da titulación para localizar as posibles causas ou problemáticas e poñerlle solución. Propoñense reunións coa coordinación de grao, vicedecanan de organización académica. Posteriormente tratarase nunha reunión da Comisión de Calidade os resultados das coordinacións, valorando os resultados co obxectivo de elevalos por encima do obxectivo.

- *Ficha de mellora 45:* Revisión dos obxectivos de calidade na Tasa de Graduación no Grao en Belas Artes. Dado que non se alcanzan os obxectivos da Tasa de Graduación especificada na memoria de verificación nos últimos 3 cursos, proponse un análise da mesma a través de reunións de coordinación na Comisión de Calidad e os coordinadores de grao e curso da titulación. Valorarase a opción de adecuar o obxectivo da Tasa de Graduación á realidade da titulación en función do histórico e da evolución dos vindeiros valores nos próximos cursos. Compre destacar que a recente implantación da nova titulación de Grao fronte á antigua Licenciatura produce uns resultados

"contaminados" que fan que os valores acadados non sexan totalmente fiables, polo que se propón unha subida da tasa de graduación progresiva tal e como queda especificado nos Obxetivos de calidade do centro.

IV. CONCLUSIÓNS

Tras analizar toda a información previa relacionada co funcionamento do sistema de garantía / xestión de calidade, acórdanse as seguintes conclusións:

- Mellora e eficacia do sistema

  Non existen ferramentas eficaces para a implicación do persoal docente na participación de comisións. A creación de incentivos para os membros das comisións, ou a obrigatoriedade nas mesmas podería paliar esta problemática.

- Identificación de dificultades relevantes na xestión de calidade

  O aumento continuo nas actividades relacionadas coa calidade no centro non pode ser soportado so con persoal académico (docentes) e con bolseiros. Dado a importancia estratéxica das mesmas, as importantes decisións a tomar e o especializado do traballo, un bolseiro non cualificado non pode realizar tarefas deste tipo nen supón unha axuda cualitativa no desenvolvemento da aplicación da política de calidade, máis alá de tarefas puntuais rutinarias. As condicións das bolsas fan que o período de traballo se limite practicamente a un ano (ou menos), de xeito que supón un importante esforzo de formación desa persoa que so será aproveitado durante un corto período de tempo.

- Necesidades de recursos

  Persoal de Administración e Servizos con formación específica en calidade para a realización de tarefas administrativas.
  Recursos e ferramentas para unha incentivación na participación nas comisións de traballo.

V. ANEXOS

- *Anexo I: Membros asistentes á reunión da elaboración do Informe de Revisión pola Dirección.*
- *Anexo II: Anexo 1 do Manual de Calidade "Listaxe de procedementos en vigor"*
- *Anexo III: Plan de Melloras Actualizado*
- *Anexo IV: Política de Calidade en vigor*
- *Anexo V: Obxectivos de Calidade*
- *Anexo VI: Resultados do seguimento dos obxectivos de calidade*
- *Anexo VII: Táboas e gráficos dos indicadores de resultados dos procesos e programas de calidade*
- *Anexo VIII: Informe Final de Acreditación de titulacións 2015*
- *Anexo IV: Síntese anual dos resultados das QSP*

Anexo I

Listaxe de participantes na reunión para a elaboración do Informe de Revisión do Sistema pola Dirección segundo o Procedemento en vigor "DE-03 P1 Revisión do Sistema pola Dirección".

Nome	*Cargo ou representación na reunión*
Silvia García Gozález	Decana do centro
Marcos Dopico Castro	Vicedecano e responsable de Calidade
Carlos Tejo Veloso	Coordinador de Grao en Belas Artes e Vicedecano de Relacións Internacionais
José Chavete Rodríguez	Coordinador do Master en Libro Ilustrado e Animación Audiovisual
Anne Heyvaert	Coordinadora do Master en Arte Contemporánea: Creación e Investigación
Susana Cendán Caaveiro	Vicedecana de Organización Académica
Ana María Suárez Mariño	Secretaria Académica
Pilar Picas Abella	
Juan Carlos Meana Martinez	Representante do Profesorado na Comisión de Calidade do centro
Pilar Picas Abella	Representante do estudantado na Comisión de Calidade do centro
Pilar Lores Baena	Representante nomeada polo Administrador do Centro na Comisión de Calidade

Listaxe de procedementos en vigor

PROCESOS ESTRATÉXICOS			
Proceso de referencia	**Código**	**Título**	**Índice**
DIRECCIÓN ESTRATÉXICA (DE)			
	DE-01 P1	Planificación e desenvolvemento estratéxico	04
	DE-02 P1	Seguimento e medición	04
	DE-03 P1	Revisión do sistema pola dirección	04
	PE02	Política de PDI e PAS	01-03
XESTIÓN DA CALIDADE E MELLORA CONTINUA (MC)			
	MC-02 P1	Xestión de queixas, suxestións e parabéns	04
	MC-05 P1	Satisfacción das usuarias e usuarios	04

PROCESOS CLAVE			
Proceso de referencia	**Código**	**Título**	**Índice**
XESTIÓN ACADÉMICA (AC)			
	PC04	Selección-admisión e matriculación de estudantes	01-03
	PA09	Xestión de expedientes e tramitación de títulos	01-03
DOCENCIA (DO)			
Xestión de programas formativos			
	DO-0101 P1	Deseño, verificación e autorización das titulacións	04
	DO-0102 P1	Seguimento e mellora das titulacións	04
	DO-0103 P1	Suspensión e extinción dunha titulación	04
Planificación e desenvolvemento da ensinanza			
	DO-0201 P1	Planificación e desenvolvemento da ensinanza	04
	DO-0202 P1	Promoción das titulacións	04
	DO-0203 P1	Orientación ao estudantado	04
	DO-0204 P1	Xestión das prácticas académicas externas	04
	DO-0205 P1	Xestión da mobilidade	04
Información pública e rendemento de contas			
	DO-0301 P1	Información pública e rendemento de contas	04

PROCESOS SOPORTE (XESTIÓN DOS RECURSOS)			
Proceso de referencia	**Código**	**Título**	**Índice**
XESTIÓN DO PERSOAL (PE)			
	PA05	Captación, selección e formación do PDI e do PAS	01-03
	PA06	Avaliación, recoñecemento e incentivos do PDI e do PAS	01-03
XESTIÓN DE COMPRAS E AVALIACIÓN DE PROVEDORES (CO)			
	PA08	Xestión dos servizos	
XESTIÓN DOCUMENTAL (XD)			
	XD-01 P1	Control dos documentos	01
	XD-02 P1	Control dos rexistros	01
XESTIÓN DA INFRAESTRUTRA E AMBIENTE DE TRABALLO (IA)			
	PA07	Xestión dos recursos materiais	01-03

Cadro de seguimento do plan de melloras																							
Ficha de mellora																		Revisión / Valoración da acción de mellora					
CENTRO	Nº de Ficha de mellora	Curso académico no que se formula a acción	Programa de calidade asociado	Criterio do programa ao que se asocia	Ámbito de aplicación	Titulación (sempre que o alcance sexa titulación)	Denominación da acción de mellora	Punto débil / Análise das causas	Obxectivos	Actuacións a desenvolver	Data límite para a súa execución	Recursos / financiamento	Responsable da súa aplicación	Responsable do seguimento	Data para realizar o seguimento	Indicadores de execución ou evidencias documentais da súa implantación	Observacións	Estado / Nivel de cumprimento	Resultados obtidos	Grao de satisfacción	Accions correctoras a desenvolver	Responsable da revisión	Data da revisión
Facultade de Belas Artes	45	2015-2016	SGIC (Revisión pola dirección)	Criterio 3: Sistema de Garantía de Calidade	Titulación	Grao en Belas Artes	Revisión do obxectivo da Tasa de Graduación	Non alcanza o obxectivo indicado na memoria de verificación do titulo	Adecuar o obxectivo da Tasa de Graduación á realidade da titulación en función do histórico	Analizar o histórico da Tasa de Graduación a través de reunións de coordinación na Comisión de Calidad e os coordinadores de grao e curso da titulación	31/7/16	Non require de financiación nin recursos específicos	Dirección do cen	Coordinador de Calid	31/3/16	Actas da Comisión de Calidade							
Facultade de Belas Artes	44	2015-2016	SGIC (Revisión pola dirección)	Criterio 3: Sistema de Garantía de Calidade	Titulación	Grao en Belas Artes	Análise dos resultados dos obxectivos de calidade no Grao de satisfacción do profesorado coa planificación da ensinanza	Resultados acadados lixeiramente por debaixo do obxectivo	Análise dos resultados e localización de posibles problemas. Elevar os resultados por encima do obxectivo	Reunións de coordinación e análise a traves da Comisión de Calidade	30/3/16	Non require de financiación nin recursos específicos	Dirección do centro	Dirección do centro	28/2/16	Actas da Comisión de Calidade							
Facultade de Belas Artes	43	2015-2016	SGIC (Revisión pola dirección)	Criterio 3: Sistema de Garantía de Calidade	Titulación	Master en Libro Ilustrado e Animación Audiovisual	Análise dos resultados de aprendizaxe académicos	Non se considera un punto débil	Detectar posibles problemas ou fortalezas derivados dos resultados das tasas de éxito, rendimento e avaliación.	Análise dos resultdos naquelas materias que ofrecen unhas tasas máis dispares con respecto á tasa media da titulación nos seus valores mínimos. Reunións da CAM. Posteriormente	30/7/16	Non require de financiación nin recursos específicos	Coordinador do Ma	Dirección do Centro	31/3/16	Reunións de coordinación e acordos da Comisión de Calidade							
Facultade de Belas Artes	42	2015-2016	SGIC (Revisión pola dirección)	Criterio 3: Sistema de Garantía de Calidade	Titulación	Gao en Belas Artes	Análise dos resultados de aprendizaxe académicos	Non se considera un punto débil	Detectar posibles problemas ou fortalezas derivados dos resultados das tasas de éxito, rendimento e avaliación.	Análise dos resultdos naquelas materias que ofrecen unhas tasas máis dispares con respecto á tasa media da titulación, tanto valores máximos como mínimos. Reunións co coordinador de grao	30/7/16	Non precisa de recursos / financiamento	Dirección do centro	Dirección do Centro	31/3/16	Reunións de coordinación e acordos da Comisión de Calidade							
Facultade de Belas Artes	41	2015-2016	Seguimento anual das titulacións	Criterio 2: Información e transparencia. Criterio 1: Organización e Desenvolvemento	Centro		Mellora na difusión de información sobre as actuais tutulacións do centro, especialmente encamiñadas a futuros estudantes e estudantes extranxeiros.	Existe unha carencia de materiais gráficos / informativos sobre as ensinanzas na facultade, especialmente	Mellorar o coñecemento das actividades e contidos dos diferentes plans de estudos e titulacións, así como o coñecementos das instalacións e medios materiais e humanos.	Elaborar e producir material gráfico para a súa difusión entre os grupos de interese.	Curso 2015-2016	Recursos propiso do centro	Dirección do centro	Dirección do Centro	30/1/16	Material gráfico producido e difusión do mesmo							
Facultade de Belas Artes	40	2015-2016	Seguimento anual das titulacións	Criterio 3: Sistema de Garantía de Calidade	Titulación	Master en Libro Ilustrado e Animación Audiovisual	Desenvolvemento da implantación do Plan de Acción Titorial	Non está suficientemente implantado o PAT	Desenvolver o PAT	Nombramento dun responsable do PAT e desenvolvemento das súas tarefas.	Primeiro cuatrimestre curso	Non precisa de recursos / financiamento	CAM	CAM	30/1/16	Acordos da CAM e informes de PAT							
Facultade de Belas Artes	39	2014-2015	Renovación da acreditación das titulacións oficiais	Criterio 1: Organización e Desenvolvemento	Titulación	Master en Arte Contemporánea. Creación e Investigacion	A Comisión Académica analizará os datos e indicadores relativos á demanda indagando nas posibles causas dos mesmos. Determinará accións encamiñadas a elevar a demanda e garantizar a sostibilidade do máster. As accións serán validadas pola CGC do centro que colaborará no desenvolvemento e/o seguimento das accións. O informe anual de seguemento correspondente ao curso 2014-2015 recollerá as accións de mellora acordadas nos prazos previstos de execucion. As accións acordadas que impliquen unha modificación da memoria xestionarase		Analizar e correxir os indicadores de demanda.		setembro 2015 (variable en función das distintas		CAM, CGC e respon	CAM, CGC e responsables das distintas		Accións de mellora determinadas, accións de mellora levadas a caba e datos de evolución d	Dentro da resposta ao informe provisional de Evaluación para a Renovación da Acreditación da Titulación engadiuse unha alegación ante esta recomendación de mellora. Pode consultarse o anexo de alegacións do dito Plan de Melloras.	Realizada					
Facultade de Belas Artes	38	2014-2015	Renovación da acreditación das titulacións oficiais	Criterio 1: Organización e Desenvolvemento	Titulación	Master en Arte Contemporánea. Creación e Investigación	A CAM reunirase con carácter monográfico para abordar os temas asociados á coordinación e mellora da titulación. Como mínimo abordaranse os seguintes temas: -Horarios. -Valoración dos informes dos coordinadores de materia. -Nombramiento ou ratificación dos coordinadores de materia. -Planificación das probas de avaliación. -Planificación das prácticas.				Segundo cuatrimestre del curso 2014-15		CAM y Comisión de	CAM y Comisión de Garantía de Calidad		Informes de seguimiento con información completa y una clara orientación hacia la mejora d ela titulación		Realizada		Alto			
Facultade de Belas Artes	37	2014-2015	Renovación da acreditación das titulacións oficiais	Criterio 2: Información e transparencia	Titulación	Master en Arte Contemporáneo. Creación e Investigación	Actualizacion e mellora da web do título		Actualización e mellora da información pública	Identificar todas as deficiencias (desactualizacións, vacíos de información, duplicidades...etc) na web. Elaborar un listado de deficiencias atopadas que se someterán á valoración	maio-xullo 2015	Non precisa de recursos / financiamento	Comisión académica do Máster (CAM) e persoal de apoio	CAM		Listado de deficiencias. Modificaciones en al web de acuerdo a lo acordado	Realizase unha actualización completa de todos os datos erróneos ou desactualizados	Realizada		Alto			
